

## FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

As **Letras Galegas 2022** homenaxean a **Florencio Manuel Delgado Guarriarán**, poeta e político nado en Vilamartín de Valdeorras en 1903 e falecido en California en 1987.



O seu segundo apelido fala das súas **raíces vascas**, os seus antepasados viñeron a se instalar en Valdeorras atraídos polas explotacións de ferro nas bocarribeiras do Sil, aínda que tamén se dedicaron á tradicional explotación vitivinícola destas terras.

Fóra de Galicia, en Valladolid, cursou os seus **estudios superiores**, comezando nesta época a entrar en contacto co activismo político nacionalista, e terminando por afiliarse ao **Partido Galeguista** de Castelao en 1931.

Con estes antecedentes, é doado deducir os problemas que lle sobreviñeron a raíz da **Guerra Civil** e a represión franquista, se ben neste caso non tivo lugar episodio fratricida algún similar aos que adoitan ocorrer nestes casos, xa que foi o seu irmán Lucio, xefe dos falanxistas da súa parroquia, Santa Comba de Córghomo, quen lle axudou a fuxir. Desta volta gañou o humanismo sobre a barbarie.

Escapado, oculto en ocasións, ou mesmo en plena fronte de guerra na batalla do Ebro, Florencio termina **exiliado** en México, onde ten lugar boa parte da súa actividade cultural e literaria, coa cofundación da revista *Vieiros*.

En 1959 veu pechada a súa causa política, o que lle permitiu **volver a Galicia** en 1968, se ben só temporalmente, con reencontros coa terra en 1976 e 1981, ano este a partir do que xa non regresaría máis debido ás súas doenzas cardíacas, que o levaron á fin o 14 de maio de 1987.

A **obra** do Corgomófilo ou Xan do Sil, algún dos pseudónimos cos que se facía chamar, é fundamentalmente poética e articulista, se ben destacou tamén na tradución ao galego de poesía noutros idiomas (*Poesía inglesa e francesa vertida ao galego*, 1949).



Nomes de Michōacan,  
son garruleiro e lisgaio:  
Tsintsunsan, Paricutín,  
Sirahuen, Uruapan, Ario,  
Sarácua, Cupatizsio  
Tangancicuaro, Tacámbaro...  
Nomes da tarasca terra,  
¡rechouchío de paxaros!

Nomes da veira do Sil  
de antergo e de nobre alamio:  
Val de Afreixo, Val de Godo,  
a Pena da Moura, o Castro,  
Porto Mourisco, Baxeles,  
Cógomo, Castelo, Arnado,  
Outarelo, Millarouso,  
Portela, Cesures, Arcos...  
Nomes, nomes de Valdeorras,  
idoce e sonoro canto!

A súa poesía destaca pola temática valdeorresa, o mundo do viño, a exaltación do ruralismo ou a denuncia sociolingüística e sobre a sociedade caciquil, así como sobre a paisaxe e ambientes mexicanos. O seu estilo é unha mistura entre o neorromanticismo de Cabanillas e o modernismo de Rubén Darío.

As súas principais obras son:

- *Bebedeira* (1934)
- *Galicia infinda* (1963)
- *Cantarenas*, conxunto de poemas escritos entre 1934 e 1980, editados en 1981.
- *O soño do guieiro* (1986)

Desde Valdeorras a México, **Florencio Delgado Gurriarán**, o poeta do viño, foi un deses loitadores polo galego en época difícil. Para o seu compromiso e valentía non caer no esquecemento, desde o Equipo de Dinamización da Lingua Galega do CEIP Santa Baia, contribuímos co noso gran de area sumándonos aquí ao recoñecemento do seu labor, e homenaxeándoo como ben merece, cantándolle aqueles versos que Curros Ille dedicou a Rosaía:

*Ai dos que levan na frente unha estrela,*

*ai dos que levan no bico un cantar.*



Vilamartín de Valdeorras, terra natal de Florencio Delgado Gurriarán